

INFORMACIÓN RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO.  
CURSO 2024-2025

**Alumnado con garantía de permanencia no centro docente:**

O alumnado matriculado nun centro docente público ou privado concertado ten garantida a súa permanencia nel. Polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que implique cambio de centro.

**Solicitud de admisión** (alumnado de novo ingreso)

Prazo de presentación: **do 1 ao 20 de marzo**.

Cando os postos escolares dispoñibles en admisión no centro indicado en primeiro lugar non sexan suficientes para atender todas as solicitudes, o citado centro docente abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para que as persoas interesadas presenten de forma presencial nel a documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, para realizar á súa valoración e establecer unha orde de prelación. Prazo de presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **do 22 de marzo ao 04 de abril**

A solicitud de admisión realizarase no modelo **ED550B-anexo II** e a comprobación dos membros da unidade familiar no anexo II bis. dispoñibles na secretaría do centro, na web do centro e na aplicación admisionalumnado no seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>.

As persoas solicitantes poderán:

♣ Cubrir os formularios na aplicación **admisionalumnado** e presentalos por vía electrónica, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que dispoñan de certificado dixital ou de Chave365. O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitud (anexo II).

♣ Descargar os formularios da aplicación admisionalumnado, da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada> (dirección ou da páxina web desta consellería (dirección <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>) para cubrilos manualmente e presentalos de **forma presencial**.

Os formularios estarán dispoñibles o **1 de marzo de 2022**.

A solicitud será única. Unha solicitud de admisión presentada nun centro educativo poderá **anularse** mediante a presentación doutra solicitud posterior, indicando expresamente por escrito que queda sen efecto a anterior ou anteriores.

O alumnado que tivese posto reservado nun centro de adscrición poderá presentar solicitud de admisión, se acredita que renunciou ao posto reservado antes do 28 de febreiro.

A existencia dunha solicitud de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior, así como a existencia dunha solicitud de admisión sen ter renunciado á praza reservada en

día 28 de febreiro (este incluído), poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

A solicitude de admisión deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a menor de idade non emancipado. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexos I-bis, II bis e III-bis).

Cando falte o consentimento expreso da outra persoa proxenitora para a escolarización, mentres non se produza a resolución xudicial nos termos previstos no artigo 156 do Código civil, manterase a situación de escolarización existente, se a houbese; no caso contrario, escolarizarase o menor, provisionalmente, tendo en conta a solicitude e o certificado de convivencia.

Nas situacións de violencia de xénero non é necesaria a sinatura do agresor.

### **Documentación:**

As solicitudes acompañaranse do DNI ou Libro de familia. Nos casos de traslado de centro presentarase ademáis certificado de escolarización.

En caso de solicitar unha praza para alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae) presentarase ademáis a documentación pertinente.

Documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados: recollida no Artigo 31: Documentación complementaria da O. de 21 de outubro de 2022.

### **Publicación das listaxes de persoas admitidas e non admitidas:**

Presencial: Única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado na entrada principal do centro escolar.

Non presencial: Única e exclusivamente a través da aplicación admisionalumnado empregando a Chave365 ou certificado dixital.

- - Listaxe provisional: antes do 25 de abril. Prazo de reclamación: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación.

- - Listaxe definitiva: antes do 15 de maio.

### **Formalización de matrícula:**

- - Educación infantil e primaria: do 20 ao 30 de xuño.

ESO e Bacharelato: do 23 de xuño ao 7 de xullo.

### **Normativa reguladora de admisión do alumnado en centros públicos:**

- - ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, deducación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

- - DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29 – 11/02/2022).

Para calquera dúbida, consultar información no teléfono 696 975 078 ou no enderezo [eei.gonzar@edu.xunta.es](mailto:eei.gonzar@edu.xunta.es)